



**PONT-UP
STORE**

*Espazo de
Emprendemento*

2018

Programa

20-22 SETEMBRO

PRAZA DE ESPAÑA / PONTEVEDRA

ÍNDICE

PROGRAMA POR DÍA

06 XOVES 20

07 VENRES 21

08 SÁBADO 22

PROGRAMA POR ÁMBITOS

ACTIVIDADES EN
CONTINUO VENRES
E SÁBADO

12

ACTOS
INSTITUCIONAIS

10

ESPAZO DE
EMPRENDEMENTO

Mapa de stands	15
Lista de participantes	16
Puntazo Exprés	18
Actividades demostrativas	21

ESPAZO FAB LAB:
LABORATORIO
CREATIVO

24

ESPAZO GAMING:
EMPRENDEMENTO DA
MAN DOS VIDEOXOGOS

26

ESPAZO ECOBAS DE
ECONOMÍA SOCIAL

30

ESPAZO DE
DESENVOLVEMENTO
DE COMPETENCIAS
E DO ECOSISTEMA
EMPRENDEDOR

34



Unha experiencia única na que se van dar cita centos de persoas con **talento, creatividade e espírito emprendedor.**

PARTICIPA!

VISITA OS *Stands* PARA INSPIRARTE E COÑECER
AS IDEAS DE NEGOCIO CON MÁIS FUTURO

PARTICIPA NAS
Actividades demostrativas
NO ESPAZO CENTRAL DA CARPA

APRENDE, FÓRMATE E AMPLÍA A TÚA REDE DE
CONTACTOS NAS *Actividades paralelas*
QUE ORGANIZAMOS POR TODA A CIDADE

ASISTE Á SESIÓN DO *Puntazo Exprés*
NA CASA DAS CAMPÁS E TOMA NOTA DAS INICIATIVAS
MÁIS VALORADAS POR ENTIDADES E GRANDES EMPRESAS

Que é o Pont-Up Store

O **PONT-UP STORE** é unha iniciativa de apoio ao **EMPRENDEMENTO**, aberta a toda a cidadanía, e que centra os seus esforzos no incremento da cultura emprendedora na sociedade.

Durante tres días **PONTEVEDRA** acolle en distintos puntos da cidade un programa de actividades con propostas innovadoras pensadas para orientar e axudar ás persoas que están no camiño do emprendemento.

XORNADA PREVIA

VARIOS PUNTOS DA CIDADE

XOVES 20

ESPAZO EMPRENDEDOR

NA CARPA DA PRAZA DE ESPAÑA

VENRES 21 E SÁBADO 22

PUNTAZO EXPRES

CASA DAS CAMPÁS

VENRES 21 SETEMBRO

O punto central volverá ser a carpa situada na **PRAZA DE ESPAÑA**, onde poderedes coñecer as mellores iniciativas de emprendemento do país e participar nas actividades de dinamización que se desenvolverán no espazo central.

A pouca distancia, nas instalacións da Facultade de Belas Artes, o

Fab Lab Laboratorio Creativo

achegaranos a partir do xoves 20 obradoiros dirixidos a diferentes públicos, que terán a oportunidade de vivir a experiencia da fabricación dixital e adentrarse tamén no mundo da robótica.

Estreamos o *Espazo Gaming*, para achegar o emprendemento da man dos vídeoxogos, a través de torneos e varios talleres prácticos que se desenvolverán nas instalacións da Escola de Restauración e que serán retransmitidos por un coñecido caster.

Tamén contamos cun espazo específico para proporcionar formación e recursos a aquelas persoas emprendedoras que aposten pola *Economía Social*.

Sumamos a *Google* ao noso programa de actividades paralelas con propostas o xoves e o venres.

Consolidámonos como a sede onde varias asociacións e entidades do *Ecosistema emprendedor* celebran as súas presentacións, asembleas e reunións anuais.

E, a través do *Puntazo Exprés*, onde volveremos propiciar encontros produtivos entre os emprendedores e as grandes entidades e empresas galegas, continuamos tendendo pontes para atraer a Pontevedra a creatividade e a innovación en todos os sectores.

PROGRAMA POR DÍA

XOVES 20

		PAX.
11:00 – 12:30	Workshop I am Remarkable de Google	34
11:30 – 13:30	Recursos interactivos para a creación e consolidación de proxectos e entidades de economía social e solidaria: O canvas social	30
16:00 – 20:00	Music Lab: Laboratorio de fabricación dixital	24
16:30 – 20:30	Taller práctico de creación de “assets” para videoxogos	28
17:00 – 18:45	Charla inspiracional: Tips para tu marca personal + Mentorías exprés de Google	34
20:00 – 21:30	Familia Creativa: “Lideirándote” de A Redeira	35

VENRES 21

		PAX.
10:00 – 11:30	Aceleradora para a innovación e consolidación de entidades de Economía Social e Solidaria	31
10:00 – 14:00	Taller práctico de creación de texturas para videoxogos	29
10:00 – 19:00	Torneo Smash Bros de Gaming Troop	26
10:00 – 20:00	Music Lab: Laboratorio de fabricación dixital	24
11:00 – 21:00	Pont-Up Store 2014-2018: Mostra quinto aniversario	12
11:00 – 21:00	Kore, a aventura do emprendemento	13
11:00 – 21:00	Espazo de emprendemento: Stands	15
11:00 – 21:00	Xornada de portas abertas Asociación Gamer	27
11:30 – 12:00	ACTO INAUGURAL	10
12:00 – 13:00	VISITA INSTITUCIONAL	10
12:30 – 13:30	Itinerarios de formación e asesoramento para a creación de emprego a través da fórmula cooperativa	32
12:30 – 14:00	Workshop I am Remarkable de Google	36
13:00 – 14:00	Actividade demostrativa: Showcooking de pratos saudables con legumes por Hashtag Saludable.	21
13:00 – 14:00	Encontro: Emprendendo en Galicia	36
14:00 – 17:00	Xunta Directiva de AJE Galicia- Asociación de Jóvenes Empresarios	36
14:30 – 16:00	Tecendo comunidade: Networking de participantes	37
16:00 – 18:30	Consello Reitor de EspazoCoop - Unión de Cooperativas Galegas	32
16:30 – 20:30	Taller práctico de motores de tempo real para videoxogos	29
17:00 – 19:00	Laboratorios dinámicos de creación cultural e artística de economía social	33
18:00 – 21:00	Speaking stories with international entrepreneurs by Worldwide Adventures	37
18:30 – 21:00	Emprende con WordPress	38
19:00 – 20:30	Presentación de Músicas ao Vivo e concerto de The Soul Breakers	33
19:00 – 21:00	Presentación Rede Galega de Coworking CoworkinGal	39
19:00 – 21:00	Espazo de emprendemento: Puntazo Exprés	18
21:30 – 23:00	Tecendo comunidade: Viño participativo	18

PROGRAMA POR DÍA

SÁBADO 22

		PAX.
10:00 – 14:00	Taller práctico de impresión 3D	29
10:00 – 19:00	Torneo LOL (League of Legends) de The Cloud Gaming e Gaming Troop	27
10:30 – 18:30	Taller de robótica. Emprendemento tecnolóxico para rapaces e rapazas	25
11:00 – 13:00	Mentoring en feminino: Necesitamos máis mentoras!	40
11:00 – 21:00	Pont-Up Store 2014-2018: Mostra quinto aniversario	12
11:00 – 21:00	Kore, a aventura do emprendemento	13
11:00 – 21:00	Espazo de emprendemento: Stands e actividades demostrativas	15/21
11:30 – 12:30	Actividade demostrativa: Imprime a túa comida con EXGA3D	22
12:30 – 14:00	Actividade demostrativa: Leo co meu can de YARACAN	22
14:15	ACTO DE ENTREGA DE PREMIOS	11
14:30 – 16:00	Tecendo comunidade (networking de participantes)	42
17:00 – 18:00	Actividade demostrativa: Como facer o teu Stick Arcade con Raspberry Pi de Taller 7 Makerspace	23
17:00 – 19:45	Carreira das empresas	42
18:00 – 19:00	Actividade demostrativa: Gran Xincana Canina de YARACAN	23
19:00 – 20:00	Actividade demostrativa: Arqueoloxía experiencial de Árbore S. Coop. Galega	23
20:45	ACTO DE PECHE	11

PROGRAMA POR ÁMBITOS

ACTOS
INSTITUCIONAIS

10

ACTIVIDADES EN
CONTINUO VENRES
E SÁBADO

12

ESPACIO FAB LAB:
LABORATORIO
CREATIVO

24

ESPACIO DE
EMPRENDEMENTO

Mapa de stands 15
Lista de participantes 16
Puntazo Exprés 18
Actividades demostrativas 21

ESPACIO ECOBAS DE
ECONOMÍA SOCIAL

30

ESPACIO DE
DESENVOLVEMENTO
DE COMPETENCIAS
E DO ECOSISTEMA
EMPRENDEDOR

34

ESPACIO GAMING:
EMPRENDEMENTO DA
MAN DOS VIDEOXOGOS

26



ACTOS INSTITUCIONAIS

VENRES 21

11:30-12:00

ACTO INAUGURAL

Lugar: Palco do Recinto do Pont-Up Store, Praza de España

Interveñen representantes de entidades organizadoras e patrocinadoras:

- Universidade de Vigo / Campus de Pontevedra
- Consello Social da Universidade de Vigo
- Concello de Pontevedra
- Deputación de Pontevedra
- Xunta de Galicia
- IGAPE
- Afundación, Obra Social Abanca
- AJE Galicia
- ECOBAS
- Consorcio Zona Franca de Vigo
- R
- Grow with Google
- Dirección do Pont-Up Store

12:00-13:00

VISITA INSTITUCIONAL

aos stands dos emprendementos seleccionados no Pont-Up Store 2018 e Zona Fab Lab / Videoxogos

Lugar: Inicio da visita na carpa do Pont-Up Store, Praza de España

SÁBADO 22

14:15

ACTO DE ENTREGA DE PREMIOS

Lugar: Palco do Recinto do Pont-Up Store, Praza de España

Intervencións:

- Anabel Gulías Torreiro, Concelleira de Promoción da Cidade
- Jorge Soto Carballo, Vicerreitor do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo
- Pedro Figueroa Dorrego, Director do Pont-Up Store
- Representantes de entidades patrocinadoras e do Comité Organizador do Pont-Up Store 2018

20:45

ACTO DE PECHE

Intervencións:

Dirección e representantes do Comité Organizador do Pont-Up Store 2018

Lugar: Palco do Recinto do Pont-Up Store, Praza de España

ACTIVIDADES EN CONTINUO VENRES 21 E SÁBADO 22

DE VENRES ÁS 11:00 A SÁBADO ÁS 21:00

Pont-Up Store 2014-2018: Mostra quinto aniversario

Cinco anos de apoio ao emprendemento e á cultura emprendedora baseada na innovación e a cooperación. Mostra de materiais promocionais das distintas edicións e contidos audiovisuais.

Lugar: Hall da Casa das Campás, Rúa Don Filiberto 9-11





VENRES E SÁBADO 12:00-13:00

Kore, a aventura do emprendemento

Proposta dinámica e interactiva para representar o relato de Kore, protagonista da Imaxe do Pont-Up Store 2018 e que recibe o seu nome da mitoloxía grega e fai referencia á deusa da iniciativa, a curiosidade e a renovación, coñecida tamén como Perséfone. Realizarán distintas actividades no transcurso dos días do evento en diferentes localizacións do Pont-Up Store.

Organiza: Martina Dadá

Compañía: A Cova das letras:
Paloma Saavedra (Directriz: Directora e actriz)
e Cristina Collazo (Actriz e titirimestra)

Deseño de vestiario: Estela Pérez Torres

ESPAZO DE EMPRENDEMENTO

VISITA OS *Stand*s PARA INSPIRARTE E COÑECER
AS IDEAS DE NEGOCIO CON MÁIS FUTURO

PAX. 15-17

ASISTE Á SESIÓN DO *Puntazo Exprés*
NA CASA DAS CAMPÁS E TOMA NOTA DAS INICIATIVAS
MÁIS VALORADAS POR ENTIDADES E GRANDES EMPRESAS

PAX. 18-20

PARTICIPA NAS
Actividades demostrativas
NO ESPAZO CENTRAL DA CARPA

PAX. 21-23

MAPA DE STANDS

11:00-14:30 E 16:00-21:00

Recinto do Pont-Up Store
PRAZA DE ESPAÑA

Espazo Fab Lab
e Gaming

**FAC. BELAS ARTES /
ESCOLA DE RESTAURACIÓN**

ÁREA DE
DEGUSTACIÓN E
REPRESENTACIÓN

37

**ZONA
MULTIUSOS**

**ZONA
NETWORKING**

ESCENARIO

CONCELLO

31	33	35
29	27	25

19	21	23
17	15	13

7	9	11
5	3	1

36	34	32
26	28	30

24	22	20
14	16	18

12	10	8
2	4	6

LISTA DE PARTICIPANTES

- 1 Información e Organización**
www.pontupstore.com
- 2 Alobre 3D**
Consultoría creativa de solucións en 3D para visibilizar e dar vida a ideas, proxectos, produtos e servizos
www.alobre3d.com
- 3 Stand institucional - Patrocinadores**
- 4 My little Piura**
Deseños sostibles e con alma solidaria
www.mylittlepiura.com
- 5 O Submarino Alta Conserva, SL**
Conservas de marisco Gourmet
www.osubmarino.com
- 6 Téagarimo**
Tenda online de té e infusións a granel
www.teagarimo.com
- 7 Bluscus Turismo Mariñeiro**
Axencia de viaxes on-line especializada en Turismo Mariñeiro
www.bluscus.es
- 8 diecisietecosas**
Accesorios e pulseiras personalizadas
www.diecisietecosas.com
- 9 Andrea Area Estudio Creativo**
Estudo Creativo: vídeo, fotografía e deseño gráfico
www.andreaarea.com
- 10 Kooch Green Cosmetics, S.L.**
Cosmética orgánica de autor
www.koochgreencosmetics.com
- 11 Yaracan Galicia, CB**
Terapia asistida con animais
www.facebook.com/YaracanGalicia/
- 12 SPA-CC**
(Re)creación de entornos virtuais
www.spa-cc.com
EdiliciaBIM
Solucións BIM Intelixentes
www.ediliciaBIM.com
- 13 Waipia Surf**
Escola de surf e marca de moda apasionada polo mar, os amigos e o surf
www.waipiasurf.es
- 14 Apícola Regueira en colaboración con Cervezas Meiga**
Cerveza con mel e hidromel
www.apicolaregueira.com
- 15 BISQATO**
Taller lácteo artesanal
www.bisqato.com
- 16 BichOh!**
Fabricamos complementos para Cans: Deseño, resistencia e artesanía ao servizo das nosas mascotas
www.bichoh.com
- 17 Aliadogs**
Plataforma online colaborativa de servizos caninos
www.aliadogs.es
- 18 Catálogos para empresas**
Especialistas en deseño editorial físico e virtual. Solución de comunicación 360º para empresa, provedores e clientes
www.catalogosparaempresas.com

- 19 Variopinto**
Estudo creativo onde a fotografía, o bordado e a artesanía entrelázanse
www.studiovariopinto.com
- 20 Trazers**
Rede social de turismo colaborativo baseada en contidos multimedia xeolocalizados
www.trazers.com
- 21 OnyVÁ**
Empresa de organización de eventos orixinais, moi vinculados á gastronomía e á artesanía e deseño
www.helloonyva.es
- 22 Mulleres Atlânticas**
Comunidade de mulleres emprendedoras galegas e do norte de Portugal
www.mulleresatlanticas.com
- 23 Xtonebox**
Fabricación artesanal de equipos de audio, baseados na antiga tecnoloxía a válvulas
www.xtonebox.com
- 24 Taller 7 MakerSpace**
Taller de fabricación de prototipos
www.taller7makerspace.com
- 25 Árbore S. Coop. Galega**
Servizos integrais de arqueoloxía
www.facebook.com/ArboreArqueoloxiaXestion
- 26 Gomo Bonsai**
Taller escola e venda de bonsais
www.gomobonsai.com
- 27 El Asegurado Enterado**
Asesoría e Consultoría Online
www.elaseguradoenterado.com
- 28 PeriFéricas**
Escola de feminismos alternativos. Cursos, charlas online e eventos a favor da igualdade de xénero
www.perifericas.es
- 29 DATA MONITORING SL**
Deseña, fabrica e comercializa dispositivos para o monitoreo de máquinas e procesos co obxectivo de achegar a industria 4.0 a tódolos sectores
www.ccdatos.com
- 30 Las flores de Greta**
Traballamos ecoprint, técnica que consiste en trasladar os pigmentos naturais de follas e flores a tecidos de orixe orgánica
www.facebook.com/pages/biz/Las-flores-de-Greta-10531501366807/
- 31 The Graphics Project**
Gafas de Sol – Moda e Accesorios
www.thegraphicsproject.com
- 32 LUMEIRA**
Estudo-obradoiro de deseño gráfico e impresión: souvenirs, imaxe corporativa, agasallo promocional, colecciónables, artigos de agasallo
www.lumeira.com.es
- 33 Espacio Matrioska**
Proxecto de dinamización, produción, axitación e xestión cultural
www.espaciomatrioska.com
- 34 Cajasazules**
Aluguer de caixas para mudanzas
www.cajasazules.com
- 35 EXGA3D**
Deseño de alimentos personalizados utilizando impresión 3D
www.exga3d.com
- 36 Dronalia**
Servizos con drones (formación, fotografía, vídeo...)
www.dronaliaserviciosaaereos.es
- 37 Gaming Troop**
Asociación GAMER
www.gamingtroop.es



Exprés

PONT-UP
STORE
2018

VENRES 21

19:00-21:00

PUNTAZO EXPRÉS

Organizan: Concello de Pontevedra / Pont-Up Store

Presenta: Anabel Gulías, Concelleira de Promoción da cidade e Pedro Figueroa, Director do Pont-Up Store

Programa: 10 emprendementos seleccionados previamente entre os candidatos desta modalidade de participación, presentarán os seus proxectos durante 5 minutos a 5 empresas de relevancia.

Lugar: Aula do segundo andar da Casa das Campás,
Rúa Don Filiberto 9-11

21:30-23:00

Tecendo comunidade: Viño participativo

Participantes 2018 e sesión musical

Organiza: Concello de Pontevedra

Lugar: Casa da Luz

Entrada reservada a proxectos seleccionados nas tres modalidades de participación – stands, actividades demostrativas e Puntazo Exprés-, organizadores, patrocinadores e colaboradores do Pont-Up Store 2018

RELACIÓN DE ESCOITANTES



África González Fernández

Catedrática de Inmunoloxía da Universidade de Vigo, directora do Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO) da Uvigo, presidenta da Sociedade Española de Inmunoloxía e promotora da empresa spin-off NanoInmunoTech (NIT) con sedes en Vigo, Zaragoza e Madrid. En 2017 foi nominada aos premios Women Innovators pola Comisión Europea.



Piedad Varela-Portas de Orduña

Licenciada en dereito especializada en dereito de empresa. 20 anos de experiencia como asesora legal. Socia, cofundadora e Responsable de Comunicación e RSE de Pazo de Vilane.



María Caldeiro López

Licenciada en Ciencias Políticas e da Administración pola USC. Máster en Políticas Europeas de Cooperación e Máster en Relacións Internacionais e Comercio Exterior. Inicia o seu contacto profesional co mundo da pesca durante a súa estadia na Oficina Comercial do Consulado en Mumbai. Dende 2011 exerce como Xerente de FUNDAMAR.



Lucía Gregorio

Enxeñeira industrial con 20 anos de experiencia poñendo en marcha proxectos de I+D+i e de apoio a distintos sectores a través das TIC. Na actualidade, é Adxunta a Dirección en Redegal e ademais colabora como experta externa na Comisión Europea como evaluadora de proxectos e en iniciativas de apoio ao emprendemento, como ViaGalicia ou como coach no Programa Instrumento PEME.



Teresa Fernández Valdés

Cofundadora de Bambú Producciones, produtora de series de grande éxito estatal e internacional como Velvet, Gran Hotel ou Fariña. Elixida como unha das showrunners máis poderosas da televisión europea e mundial en 2014 e 2016, respectivamente. En abril de 2018, Reed Miden, empresa organizadora do mercado internacional do audiovisual MipTV, outórgalle a Medalla de Honra, sendo a primeira muller española en recibir o devandito recoñecemento.

RELACIÓN DE PARTICIPANTES

**AMARELAS
S. COOP. GALEGA**

Proxecto socio-edu-eco-ludo-turístico heteroxéneo e dual que desenvolve actividades de turismo e ocio en Galicia
www.amarelas.es

**CATÁLOGOS
PARA EMPRESAS**

Especialistas en deseño editorial físico e virtual. Solución de comunicación 360º para empresa, provedores e clientes
www.catalogosparaempresas.com

EXGA3D

Deseño de alimentos personalizados utilizando impresión 3D
www.exga3d.com

**HASHTAG
SALUDABLE**

Recetas de cociña saudable
www.hashtagsaludable.com

**MUUTECH
MONITORING
SOLUTIONS**

Solucións de monitorización enfocadas, ademais da entornos de sistemas de información, a entornos industriais e de produción
www.muutech.com

**NATURAL SNACK
LAB SLU**

Fabricación dun snack 100% natural a partir da deshidratación de purés de froitas, sen azucres, colorantes ou conservantes engadidos
www.fruitah.es

SPA-CC

(Re)creación de entornos virtuais
www.spa-cc.com

**THE CLOUD
GAMING**

Club de e-Sports
www.thecloudgaming.com

**THE GRAPHICS
PROJECT**

Gafas de Sol – Moda e Accesorios
www.thegraphicsproject.com

WINBOX APP

App, plataforma para poñer en contacto directo a compradores e vendedores
www.winboxapp.com

ACTIVIDADES DEMOSTRATIVAS

No espazo central da Carpa, Praza de España

VENRES 21

10:00-14:00 E 16:00-19:00

Torneo Smash Bros

Organiza: **Gaming Troop**

Torneo de Smash Bros aberto (dobres e singles)

Máis información no apartado Espazo Gaming na páxina 26.

www.gamingtroop.es

13:00-14:00

Showcooking de pratos saudables con legumes

Organiza: **Hashtag Saludable**

Nesta actividade imos facer unha demostración dun Taller de Cociña Saudable onde Lady Compostela, autora do blogue Hashtag Saludable ensinaranos como sacarlle partido aos legumes para cociñar pratos saudables, lixeiros e moi nutritivos. Ademais de compartir os seus tips e consellos para facer unha compra saudable e aforrar tempo na cociña.

Dirixido a un publico maior de 15 anos, aínda que non se exclúe a asistencia a nenos.

www.hashtagsaludable.com

17:00-19:00

Laboratorios dinámicos de creación cultural e artística de economía social *

Organiza: **Red Eusumo**

** (Non é actividade demostrativa pero realízase no espazo central)*

Máis información no apartado Espazo ECOBAS de economía social na páxina 33.

SÁBADO 22

10:00-14:00 E 16:00-19:00

Torneo LOL (League of Legends)

Organizan: **The Cloud Gaming e Gaming Troop**

Semifinais e finais presenciais do torneo de LOL por equipos con retransmisión en directo. As fases previas de clasificación e as roldas eliminatorias xogaranse durante a semana anterior de xeito non presencial.

Máis información no apartado Espazo Gaming na páxina 27.

www.thecloudgaming.com
www.gamingtroop.es

12:30-14:00

Leo co meu can

Organiza: **Yaracan**

Son os acompañantes ideais da lectura porque: Axudan a relaxarse, diminuíndo a presión arterial. Escoitan atentamente. Non xulgan, non se burlan, non critican. Deixan que os nenos vaian ao seu propio ritmo. Son menos intimidantes que os compañeiros de clase. "Non existe a figura de autoridade que os bloquea para ler en voz alta."

Dirixido a aqueles nenos que xa saiban ler e queiran mellorar as súas competencias educativas e habilidades oratorias. Ideal para nenos que sintan respecto á hora de ler ou falar en público.

Zona Networking.

Máis información no stand 11.

11:30-12:30

Imprime a túa comida

Organiza: **EXGA3D**

Faremos unha actividade demostrativa na que explicaremos, veremos e probaremos comida preparada cunha Impresora 3D. Explicaremos as vantaxes da personalización de alimentos e como, ademais de ser divertido, podería solucionar retos coma a valorización de produtos de alimentación e aproveitamento de descartes alimentarios evitando así o desperdicio de comida.

Dirixido a todos os públicos, especialmente á industria de alimentación / hostelería e ao público infantil de 5 a 10 anos para a sensibilización acerca do desperdicio de comida.

Máis información no stand 35.

17:00-18:00

Como facer o teu Stick Arcade con Raspberry Pi.

Organiza: **Taller 7 MakerSpace**

Gústanche os xogos retro e as novas tecnoloxías? Aprende como facer un mando arcade para emular unha ampla selección de consolas e sistemas de xogos, ademais dun centro multimedia e todo baseado na Raspberry Pi3.

Acompáñanos no noso taller e aprenderás como facer a estrutura, como ensamblar-la, tipos de botóns e joysticks, como cablearlo todo, tipos de interfaces, como instalar o software na Raspberry.... e moito máis.

Público Obxectivo: A partir de 12 anos.

Máis información no stand 24.

19:00-20:00

Arqueoloxía experiencial

Organiza: **Árbore S. Coop. Galega**

A experimentación é unha ferramenta de primeira orde para comprender e aprender sobre o pasado remoto, polo que nesta actividade practicaremos de primeira man como se acendía o lume na prehistoria, probando distintas técnicas e conseguindo obter fume, brasas e... lume!

Por outra banda, traballaremos tamén como arqueólog@s, aprendendo como se fai un calco dun petroglifo que te poderás levar a casa de recordo.

Para calquera persoa con ganas de experimentar, pero especialmente indicado para público familiar.

Máis información no stand 25.

18:00-19:00

Gran Xincana Canina

Organiza: **Yaracan**

En alianza co can de terapia idearemos unha gran xincana canina que consta dun circuito de psicomotricidade (túneles, aros, conos, picas, tobogáns, obstáculos humanos, áreas de habilidades caninas, etc.) Todo o circuito vai ser executado cos cans e por equipos.

Ideal para familias e todo aquel que quera achegarse.

Espazo central.

Máis información no stand 11.

ESPAZO FAB LAB: LABORATORIO CREATIVO

XOVES 20 E VENRES 21

MUSIC LAB: Laboratorio de fabricación dixital

SESIÓN ABERTA

XOVES 20 /16:00-20:00 E VENRES 21/10:00-14:00

REMATE DE PROXECTOS E PROBA DE INSTRUMENTOS

VENRES 21/16:00-20:00

Organizan: **Xeneme Proxectos sociais e it!FAB**

Laboratorio de fabricación dixital musical cos seguintes retos:

- **Impresión de instrumentos musicais**

A inspiración deste reto xira en torno á innovación sobre a construción dun instrumento dixital, atendendo a estas posibilidades:

- Instrumento existente fabricado dixitalmente.
- Instrumento modificado.
- Un novo instrumento.

- **Creación dun Theremín con Arduino**

O theremín, orixinalmente coñecido como eterófono, thereminófono, thereminvox, é un dos primeiros instrumentos musicais electrónicos que se controla sen necesidade de contacto físico do intérprete ou thereminista co instrumento.

- **Creación de pedais de distorsión para guitarras con Arduino**

O gran reto dos grupos de música é lograr un sonido propio e auténtico. Unha das formas de conseguilo coas guitarras é usando un sinfín de pedais para distorsionar o son.

E se poidéramos contar cun pedal baseado en Arduino que nos permitira programar múltiples efectos?

A participación das persoas, será involucrándose nos proxectos que están en proceso por parte de makers.

**Lugar: Sala X da Facultade de Belas Artes,
Rúa da Maestranza, 2, 36002 Pontevedra**



SÁBADO 22

Taller de robótica: Emprendemento tecnolóxico para rapaces e rapazas

7 E 8 ANOS

TALLER 1: 10:30-11:30

TALLER 2: 11:30-12:30

9 E 10 ANOS

TALLER 3: 12:30-13:30

TALLER 4: 13:30-14:30

11 A 13 ANOS

TALLER 5: 16:30-17:30

TALLER 6: 17:30-18.30

Organiza: **R**

Imparte: **Líbolis**

Descrición: “Mundialiño de football”. Os participantes terán que programar e construír un prototipo tecnolóxico que se convirta nunha maqueta para poder xogar un torneo por equipos.

Inscripcións: Recoller as entradas na tenda R, Rúa Marqués de Riestra, 7 36001 PONTEVEDRA (886 21 23 29). As entradas son gratuítas.

Público obxectivo: Rapaces e rapazas de 7 a 13 anos.

Número máximo de prazas: 20 para cada taller.

Lugar: Sala X da Facultade de Belas Artes, Rúa Maestranza, 2 Pontevedra

Máis información:

<https://www.youtube.com/watch?v=YOMSk60IZcg&t=1s>

ESPAZO GAMING: EMPRENDEMENTO DA MAN DOS VIDEOXOGOS

VENRES 21

TORNEO SMASH BROS

10:00-14:00

Torneo de Smash Bros (dobres) aberto

Organiza: Smash Bros Galicia +
Gaming Troop

Público obxectivo: Público
interesado / Gamers

Nº de prazos: Aberto.

Lugar: Sala de exposicións da
Escola de Restauración

Inscrición: www.smashbrosspain.com

16:00-19:00

Torneo de Smash Bros (singles) aberto

Organiza: Smash Bros Galicia +
Gaming Troop

Público obxectivo: Público
interesado / Gamers

Nº de prazos: Aberto.

Lugar: Sala de exposicións da
Escola de Restauración

Inscrición: www.smashbrosspain.com

Haberá retransmisión en directo e en streaming das actividades que se desenvolvan no Espazo Gaming e as fases finais do Torneo de LOL serán comentadas en directo por un recoñecido caster.

VENRES 21 11:00-14:30 E 16:00-21:00

Xornada de portas abertas da Asociación gamer de Pontevedra, Gaming Troop.

Durante a celebración do Pont-Up Store a Asociación gamer Gaming Troop trasladará as súas actividades á Sala de exposicións da Escola de Restauración para achegarse ao público interesado. Os asistentes poderán disfrutar dos xogos con maior éxito e asesorarse sobre o gaming cos membros da asociación.

Organiza: Gaming Troop

Público obxectivo: Público interesado / Gamers

Lugar: Sala de exposicións da Escola de Restauración

Máis información: www.gamingtroop.es
Entrada libre

TORNEO LOL

SÁBADO 22

10:00-14:00

Torneo LOL (League of Legends)

Semifinais presenciais do torneo de LOL por equipos. As fases previas de clasificación e as roldas eliminatorias xogaranse durante a semana anterior de xeito non presencial.

Organiza: Gaming Troop +
The Cloud Gaming

Público obxectivo: Público interesado / Gamers

Nº de prazos: Aberto.

Lugar: Sala de exposicións da Escola de Restauración

Inscripción: www.thecloudgaming.com

16:00-19:00

Torneo LOL (League of Legends)

Finais presenciais do torneo de LOL por equipos. As fases previas de clasificación e as roldas eliminatorias xogaranse durante a semana anterior de xeito non presencial.

Organiza: Gaming Troop +
The Cloud Gaming

Público obxectivo: Público interesado / Gamers

Nº de prazos: Aberto.

Lugar: Sala de exposicións da Escola de Restauración

Inscripción: www.thecloudgaming.com

TALLERES

Todos os talleres prácticos son organizados por SPA-CC e terán lugar na Aula Informática da Casa das Campás, Rúa Don Filiberto 9-11

Interveñen: Rafael Tenorio, Evelio Sánchez de SPA-CC e Sabela Muñiz de Aobre 3D

Público obxectivo: Público interesado / Estudantes de deseño, Comunicación ou Belas Artes, entre outros.

Nº de prazas: 25

Inscripción / máis información:
www.spa-cc.com ou info@spa-cc.com

XOVES 20

16:30-20:30

Taller práctico de creación de “assets” para videoxogos

Nun taller de 4h de duración se presentará Blender 3D como ferramenta de creación dixital para a elaboración de elementos (assets) para a súa inclusión en entornos interactivos e motores de tempo real. Fará un repaso polas ferramentas básicas tendo como obxectivo a elaboración dun “prop” para unha escea SCI-FI.

VENRES 21

10:00-14:00

Taller práctico de creación de texturas para videoxogos

Nun taller de 4h de duración se presentará Substance Painter como ferramenta de creación dixital para a elaboración de texturas para a súa aplicación a elementos 3D, para a súa inclusión en entornos interactivos e motores de tempo real. Fará un repaso polas ferramentas básicas tendo como obxectivo o texturado dun “prop” para unha escea SCI-FI. Traballarase sobre o elemento creado no taller anterior pero non é imprescindible ter participado.

16:30-20:30

Taller práctico de motores de tempo real para videoxogos

Nun taller de 4h de duración se presentará Unity como ferramenta de creación dixital para a creación de videoxogos e entornos interactivos. Fará un repaso polas ferramentas básicas de importación de “assets” tendo como obxectivo a incorporación dun “prop” nunha escea SCI-FI. Traballarase sobre o elemento creado nos talleres anteriores pero non é imprescindible ter participado.

SÁBADO 22

10:00-14:00

Taller práctico de impresión 3D

Nun taller de 4h de duración se presentarán as ferramentas básicas de impresión 3D. Traballarase sobre o elemento creado nos talleres anteriores pero non é imprescindible ter participado.

ESPAZO ECOBAS DE ECONOMÍA SOCIAL

XOVES 20

11:30-13:30

Recursos interactivos para a creación e consolidación de proxectos e entidades de economía social e solidaria: O canvas social

Organiza / Presenta: EspazoCoop - Unión de Cooperativas Galegas

Patrocina: FEDER – INTERREG V-A España- Portugal 2014-2020

Descrición:

- Divulgar de forma práctica e amena e pór en valor o recurso interactivo do Canvas Social adaptado ás especificidades dos proxectos e entidades de economía social e solidaria de nova creación e en proceso de consolidación.
- Compartir de forma práctica o servizo de manexo desta ferramenta, que desenvolve ESPAZOCOOP, dentro dos procesos de asesoramento e formación a grupos promotores de proxectos e entidades de economía social e solidaria de nova creación e en proceso de consolidación.
- Xerar un espazo de intercambio e colaboración entre os grupos emprendedores e entidades participantes que facilite o coñecemento mútuo e as boas prácticas vinculadas á temática da actividade.

Esta actividade enmárcase dentro da programación do proxecto LACES-POCTEP dentro da convocatoria INTERREG V-A España-Portugal 2014-2020.

Dinamizan: Apoio S.Coop.Galega / EspazoCoop

Público obxectivo: de forma preferente, persoas vinculadas a grupos promotores de proxectos de economía social e solidaria con actividade económica; entidades de economía social e solidaria con actividade económica de nova creación e en procesos de consolidación (cooperativas; sociedades laborais; empresas de inserción; asociacións; centros especiais de emprego; fundacións e montes veciñais en man común). Persoal técnico das entidades que fan parte do proxecto LACES e de outras redes da economía social e solidaria.

Nº de prazos: 15 (máximo)

Lugar: Sala de conferencias da planta baixa da Casa das Campás, Rúa Don Filiberto 9-11

Inscripcións / Máis información : 986 866 149 / ramon@espazo.coop

10:00-11:30

Aceleradora para a innovación e consolidación de entidades de economía social e solidaria

Organiza / Presenta / Dinamiza: **EspazoCoop - Unión de Cooperativas Galegas**

Patrocina: FEDER – INTERREG V-A España- Portugal 2014-2020

Descrición:

- Divulgar de forma práctica e amena esta acción a desenvolver por ESPAZOCOOP, que pretende facilitar os procesos de maduración, financiamento, posta en marcha e visibilidade de novas liñas de actividade e procesos de consolidación de natureza innovadora de entidades de economía social e solidaria.
- Facilitar o proceso de presentación de candidatura das entidades participantes para seren beneficiarias deste servizo.
- Xerar un espazo de intercambio e colaboración entre as entidades participantes que facilite o coñecemento mútuo e as boas prácticas vinculadas á temática da actividade.

Esta actividade enmárcase dentro da programación do proxecto LACES-POCTEP dentro da convocatoria INTERREG V-A España-Portugal 2014-2020.

Dinamizan: **Apoio S.Coop.Galega / EspazoCoop**

Público obxectivo: de forma preferente, persoas vinculadas a grupos promotores de proxectos de economía social e solidaria con actividade económica; entidades de economía social e solidaria con actividade económica de nova creación e en procesos de consolidación (cooperativas; sociedades laborais; empresas de inserción; asociacións; centros especiais de emprego; fundacións e montes veciñais en man común). Persoal técnico das entidades que fan parte do proxecto LACES e de outras redes da economía social e solidaria.

Nº de prazos: 15 (máximo)

Lugar: Sala de conferencias da planta baixa da Casa das Campás, Rúa Don Filiberto 9-11

Inscripcións / Máis información : 986 866 149 / ramon@espazo.coop

12:30-13:30

Itinerarios de formación e asesoramento para a creación de emprego a través da fórmula cooperativa

Organiza / Presenta / Dinamiza: **EspazoCoop - Unión de Cooperativas Galegas**

Patrocina: Concello de Pontevedra

Descrición:

- Divulgar a programación desta actividade a desenvolver por ESPAZOCOOP entre as potenciais beneficiarias da mesma, que pretende formar e acompañar a persoas emprendedoras no proceso de posta en marcha dunha empresa cooperativa, previo análise da viabilidade económica, organizativa e comunitaria dunha idea de negocio.
- Xerar un espazo de intercambio entre as persoas asistentes, que facilite o coñecemento mutuo e a confirmación de participación nesta actividade.

Público obxectivo: de forma preferente, persoas que formen parte de grupos promotores de proxectos de emprendemento colectivo e que teñan interese en emprender baixo a fórmula cooperativa, no ámbito do municipio de Pontevedra.

Nº de prazos: 15 (máximo)

Lugar: Sala de conferencias da planta baixa da Casa das Campás, Rúa Don Filiberto 9-11

Inscripcións / Máis información : 986 866 149 / ramon@espazo.coop

16:00-18:30

Consello reitor de EspazoCoop - Unión de Cooperativas Galegas

Organiza: **EspazoCoop - Unión de Cooperativas Galegas**

Lugar: Sala de conferencias da Casa das Campás, Rúa Don Filiberto, 9, 36002 Pontevedra

Xuntanza interna

17:00-19:00

Laboratorios dinámicos de creación cultural e artística de economía social

Organiza: **Rede Eusumo**

Descrición: Dinámica que busca re/ descubrir a economía social a través dos seus valores: axuda mutua, responsabilidade, democracia, igualdade, equidade, solidariedade e transparencia; repensar o emprendemento e o traballo desde o comunitario, o social e a creación e empregar os procesos de creación artística como metodoloxía de traballo comunitario e medio lúdico para interiorizar os valores e principios da economía social.

Público: Nenos/as en idade escolar. Entre 6 e 10 anos.

Nº de prazas: 25.

Lugar: Espazo central do Pont-Up Store

Ligazón / inscrición:
info@eusumo.gal / 981 55 80 08

19:00-20:30

Presentación de Musicas ao Vivo

Presentación sobre os obxectivos, historia, antecedentes e forma de traballo da cooperativa. Esta presentación estaría dirixida a todos os profesionais relacionados co ámbito cultural e tamén a músicos particulares que poidan estar interesados.

*Concerto de
 The Soul Breakers*

Organizan: **Musicas ao vivo S. Coop. Galega + Concello de Pontevedra**

Lugar: Palco do Recinto do Pont-Up Store, Praza de España

ESPAZO DE DESENVOLVEMENTO DE COMPETENCIAS E DO ECOSISTEMA EMPRENDEDOR

11:30-12:30

Workshop I am Remarkable

Unha iniciativa de Google para empoderar mulleres e convidalas a que celebren os seus logros no ámbito profesional.

Organiza: Google

Facilitadora: Isabel Gracia

Público obxectivo: Mulleres que queiran emprender ou que estean a buscar traballo.

Aforo: Entre 8 e 15 mulleres.

Lugar: Aula do segundo andar da Casa das Campás, Rúa Don Filiberto 9-11

Inscripción:

<https://goo.gl/forms/ml2gT65qncmU8bSz2>

17:00-18:45

Charla inspiracional: Tips para tu marca personal + Mentorías exprés

Coñece as claves da xestión da marca persoal e como crear unha estratexia para conseguir os teus obxectivos profesionais. Consulta as túas dúbidas á nosa experta en sesións individuais.

Organiza: Google **Actívate. Una iniciativa de Grow with Google**

Facilitadora: Loreto Gómez

Público obxectivo: Mulleres e homes que queiran emprender ou redirixir a súa carreira, pero está aberto a calquera persoa

Aforo: 50 persoas.

Lugar: Aula do segundo andar da Casa das Campás, Rúa Don Filiberto 9-11

Inscripción:

<https://goo.gl/forms/PEzeTLUBNkAbtQOu2>



XOVES 20

20:00-21:30

Familia Creativa “Lideirándote”

As familias creativas son reunións para crear rede, compartir coñecemento e intercambiar experiencias para evolucionar en grupo.

Nesta ocasión, ten o título de “Lideirándote”, porque queremos crear un obradoiro de “autolideirado” pois será unha xornada onde falaremos sobre aquelas lideiras que temos acerca dos nosos soños/necesidades/ inquiredanzas e poderemos reflexionar sobre o que temos que facer para que deixen de ser lideiras.

Organiza: A Redeira

Presenta: Mariem Filgueira

Lugar: Consultar enlace

Máis información e inscrición:

www.aredeira.gal/evento/familia-creativa-2/

VENRES 21

12:30-14:00

Workshop I am Remarkable

Unha iniciativa de Google para empoderar mulleres e convidalas a que celebren os seus logros no ámbito profesional.

Organiza: Google

Facilitadora: Isabel Gracia

Público obxectivo: Mulleres que queiran emprender ou que estean a buscar traballo.

Aforo: Entre 8 e 15 mulleres.

Lugar: Aula do segundo andar da Casa das Campás, Rúa Don Filiberto 9-11

Inscripción:

<https://goo.gl/forms/3kt5DJSjt2Gcm1ng2>

13:00-14:00

Encontro: Emprendendo en Galicia

Ocación para compartir e coñecer a visión dos presidentes das distintas AJE de Galicia sobre a realidade e potencialidade dos novos emprendementos en Galicia.

Organiza: AJE Galicia

Participan: Presidentes das diferentes Asociacións de Jóvenes Empresarios de Galicia (Pontevedra, Vigo, Ourense, Lugo, Ferrolterra, A Coruña)

Lugar: Área de degustación e representación do Pont-Up Store, Praza de España, Pontevedra

Asistencia libre

14:00-17:00

Xunta Directiva de AJE Galicia - Asociación de Jóvenes Empresarios

Organiza: AJE Galicia

Lugar: AJE Pontevedra, Rúa dos Ferreiros nº 28, 36002 Pontevedra

Xuntanza interna

14:30-16:00

Tecendo comunidade (networking de participantes)

Organiza: **Comité Organizador do Pont-Up Store 2018**

Lugar: Espazo central da carpa do Pont-Up Store

Entrada reservada a participantes de 2018

18:00-21:00

Worldwide Adventures Speaking stories with international entrepreneurs

An interactive session where entrepreneurs share their stories about how they found inspiration and ideas abroad and how they turned them into their reality. They will share how they are building an active international community to create new professional opportunities.

Organiza: **Ticket2europe, As Sequoias e Espacio Arroelo**

Aventureiros:

Pavel Vassiljev from Shokking Group

África Rodríguez from Espacio Arroelo

Ana del Valle from Ticket2europe

Serena Lomuscio from Erasmus for Young Entrepreneurs

Aymane Sadraoui and Zara Askaryan from European Voluntary Service

Belén Mendoza from Cámara de Comercio (Santiago de Compostela)

Lugar: Espazo 14 da Facultade de Belas Artes, Rúa Maestranza, 2, Pontevedra

Idioma: inglés.

Información:

www.pontupstore.com/2018/images/documentos/Worldwide-adventures.pdf

Entrada libre ata completar aforo

18:30-20:30

Emprende con WordPress Meetup especial da Comunidade de WordPress Pontevedra

Actividade enmarcada dentro de #PONTEWORDCAMP, Primeira WordCamp en Galicia (22-23 setembro)
<https://2018.pontevedra.wordcamp.org/>

WordPress é unha ferramenta para a creación de páxinas web pero tamén é moito máis. Queres aprender sobre iso? Todo o mundo é benvido sexa cal fora o seu nivel. Faremos unha introdución á plataforma e despois escoitaremos as historias de tres persoas emprendedoras que nos contarán como converteron WordPress na súa forma de vida: traballo remoto, proxectos, clientes, desenvolvementos, deseños, contidos e máis.

Organiza: **Comunidade de WordPress Pontevedra**

Presenta: Juan Hernando, WordPress Pontevedra

Interveñen:

- **María José Soto**, que se lanzou a emprender o seu proxecto propio e compartirá con nós como facer despegar o teu proxecto en doce semanas grazas á súa experiencia e metodoloxía.
- **Fernando Puente**, formador e informático especializado en medios online e en axudar a proxectos de terceiros, compartirá todas as opcións que ofrece WordPress no mercado laboral.
- **Vanesa Gómez del Río** (Exprime Viajes), que despois de 10 anos traballando en multinacionais lanzouse cun blogue de viaxes do que vive actualmente con moito éxito e compartirá con nós o que funciona e o que non.

Público obxectivo: Calquera persoa emprendedora ou profesional que necesite apoiarse na internet para crecer e avanzar co seu proxecto ou produto, ou calquera dedicada ao desenvolvemento web que queira coñecer posibilidades de WordPress para o seu proxecto son máis que benvidas.

Lugar: Espazo 16 da Facultade de Belas Artes,
Rúa Maestranza, 2 , Pontevedra

Programa e inscrición gratuíta en <http://pontup.wppontevedra.org>

19:00-21:00

Presentación Rede Galega de Coworking CoworkinGal

Organiza: **Rede Galega de Coworking CoworkinGal**

Colabora: Dallequedalle Coworking (Susana Loroño e Raquel Argibay) FormaCoworking (Said Jeniah). Colabora coa Radio 4.0 da Rede de Coworking Juan Ortega da Asociación Sensorial e Ramón Suárez, Mentor.

Descrición:

19:00-20:00 **Radio 4.0**

Programa de Radio/TV, Youtube. Realizarase en directo mediante entrevistas <http://coworkingal.net/page-4.html>

1. Presentación da Rede de Coworking CoworkinGal
2. Entrevista a Jose Angel Tellería (Doctorado sobre espazos de Coworking)
3. Entrevistas a Xerentes de Coworking e coworkers que traballan nos espazos
4. Entrevistas a emprendedores do Pont-Up Store
5. Música en directo

20:00-21:00 **Mesa Redonda “Os Espazos de Coworking en Galicia”**

Formada por Xerentes dos espazos de coworking, coworker..., onde se falará das peculiaridades de cada espazo, dos coworkers que traballan, canto tempo permanece como media un coworker, por que elixen un espazo de coworking para traballar, a colaboración entre eles...

Público obxectivo: Emprendedores, Autónomos, PEMES, Coworkers, xerentes de espazos de coworking, entre outros.

Lugar: Sala de conferencias da Casa das Campás, Rúa Don Filiberto, 9, 36002 Pontevedra

Entrada libre ata completar aforo

SÁBADO 22

11:00-13:00

Mentoring en feminino: Necesitamos máis mentoras!

Encontro anual de Mentoring e Emprendemento en Galicia. Nesta edición de Pont-Up Store 2018 farase fincapé na necesidade de incrementar a presenza feminina como mentoras, especialmente en disciplinas tecnolóxicas. Consiste en presentacións por parte de especialistas en Mentoring e unha mesa redonda con debate sobre Mentoring en Feminino.

Organiza: **AMCES (Asociación Española de Mentoring y Consultoría) /EMCC Galicia (European Mentoring Coaching Council)**

Colabora: Fundación WOMANFORWARD

Presenta: Ramón Suárez, Presidente AMCES/EMCC en Galicia e Embaixador Fundación WOMANFORWARD

Interveñen: Presidenta WOMANFORWARD, Presidente AMCES/EMCC Galicia, mentoras y mentorizadas, representantes de programas de Mentoring en entornos de emprendemento+intraem presarial+universitarios+economía_social

Público obxectivo: persoas relacionadas co Mentoring.

Lugar: Aula do segundo andar da Casa das Campás, Rúa Don Filiberto 9-11

Nº de prazas: 50

Ligazón / inscrición / máis información:

www.eventbrite.es/e/entradas-mentoring-en-femenino-necesitamos-mas-mentor-as-48250634948

Mesa redonda:

Preside e modera Mirian Izquierdo, Presidenta WOMANFORWARD. Mirian é avogada-economista, Máster en Dereito Comunitario, Magister Iuris Europeis, MBA, Master en dirección de Empresas Dixitais, PDG IESE e PhD cand. en Economía, Diplomada en consellos de administración por Harvard Business School e en Negociación polo grupo Karras; é autora de diversos libros de temas europeos, de comercio internacional, de creación de valor nos consellos de administración e diversidade de xénero, e de igualdade de oportunidades. Mentora.

Panelistas:

- **Maruxa Álvarez**, Phd. Bioloxía Ecoloxía, Profesora UVigo, investigadora e profesora visitante en universidades europeas e americanas, Directora Curso Superior Universitario ICEMAR Innovación e Emprendemento en torno ao mar, Coorganizadora 3 DAY STARTUP. Participa en varios programas de liderado e emprendemento. Mentora.
- **Yolanda Fortes**, CEO de Espírito Valente Consultoría. Delegada WOMENALIA en Galicia. Membro da Xunta de AGADECOS Asociación Galega de Dereito Colaborativo, e de Ciragal Centro de Investigación de Resolucións e Acordos de Galicia. Formadora en habilidades. Mentora.
- **Piedad Varela-Portas de Orduña**, socia cofundadora e responsable de Comunicación e RSE de PAZO DE VILANE. Promotora do Proxecto “Emprender desde la Raíz” para o desenvolvemento persoal das persoas emprendedoras. Licenciada en dereito. 20 anos de exercicio profesional da avogacía como avogada de empresa. Arteterapeuta e Terapeuta Gestalt. Mentora no acompañamento persoal en procesos de emprendemento.
- **Panel de mentorizadas:** participantes en programas de emprendemento, que contarán a súa experiencia práctica.
- Contaremos con representantes de **GalsTech, Women Techmakers, Women in Tech, MujeresTech,...**

14:30-16:00

Tecendo comunidade (networking de participantes)

Organiza: **Comité Organizador do Pont-Up Store 2018**

Lugar: Espazo central da carpa do Pont-Up Store

Entrada reservada a participantes de 2018

17:00-19:45

Carreira das empresas

Organiza: **AJE Pontevedra, Abanca**

Colabora: AROMON Pontevedra e A'DEVESA

Descrición:

Consiste nunha xincana na que os participantes deberán mostrar as súas competencias para traballar en equipo, lideralo, tomar decisións correctas e consensuadas, e resolver os problemas que poidan ir xurdindo.

Os participantes da carreira deberán formar equipos, coma se fosen empresas, e nomear un líder. A modalidade deste xogo será score. Este modelo consiste na elección libre de balizas a recoller ao longo da cidade, neste caso do centro de Pontevedra e arredores, para ir completando o mapa coas diferentes localizacións.

Nº de prazas: 150

Lugar de saída: Praza de España, recinto Pont-Up Store

Información, percorrido e regras:

www.pontupstore.com/2018/images/documentos/Carreira-das-empresas.pdf

Inscripción a partir do 13 de setembro

LOCALIZACIÓN DE ESPAZOS



Zona Multiusos do Recinto do Pont-Up Store, Praza de España

- 1 Casa das Campás / Rúa Don Filiberto 9-11
- 2 AJE Pontevedra / Rúa dos Ferreiros, 28, 4ª planta
- 3 Facultade de Belas Artes / Rúa Maestranza, 2
- 4 Escola de Restauración / Rúa Maestranza, 2
- 5 CASA DA LUZ / Praza da Verdura s/n



*Espazo de
Emprendemento*

Séguenos en:



COLABORADORES:



Universidade de Vigo



ILUSTRACIÓN:



ORGANIZACIÓN PUNTAZO EXPRES:



DESENVOLVEMENTO WEB:



DESEÑO E MONTAXE STANDS:



FOTOGRAFÍA:



VÍDEO:



ANIMACIÓN:



GESTIÓN DE EVENTOS

ORGANIZA:

Universidade de Vigo

CREA S2i

Social and Sustainable Innovation

PATROCINADOR PRINCIPAL:



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

PATROCINADORES:

Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra

Universidade de Vigo



Consello Social
Universidade de Vigo



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



XUNTA
DE GALICIA



eusumo
Cooperativismo e Economía Social

//Afundación
Obra Social ABANCA



ZFV
CONSORCIO
ZONA FRANCA
DE VIGO



ECOBAS
Economics and Business Administration for Society



Galicia
Jóvenes Empresarios



Grow with Google

DESEÑA E COMUNICA:

o cable inglés
cooperativa cultural

MÁIS INFORMACIÓN:

info@pontupstore.com
prensa@pontupstore.com



Consulta o programa en

PONTUPSTORE.COM